

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de setembro de 2017, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201709281800390000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de aprobación dos festivos locais para o ano 2018

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:34

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de setembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“O artigo 2. *Festas locais*, do Decreto 86/2017, do 7 de setembro, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2018, publicado no DOG núm. 175, do 14 de setembro de 2017, establece que:

“Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia.”

Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/8202 o día 15 de setembro de 2017, procedente do Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando que antes do día 15 de outubro de 2017 por este concello se envíe a proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2018.

Propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Establecer como festivos locais para o ano 2018 o día 13 de febreiro, martes de Entroido, e o día 16 de agosto.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social, Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 21 de setembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dezaoito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Proposta de acordo de suspensión dos procedementos de outorgamento de licenzas para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, gasoleiras ou estacións de servizo no termo municipal de Cambre

Acceso á videoacta: Minuto 00:01:32

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 14 de setembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“En relación coa providencia desta Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do pasado 7 de setembro pola que se solicita informe sobre a posibilidade e conveniencia de suspender os procedementos de outorgamento de licenzas para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos no termo municipal de Cambre.

Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, con data do 14 de setembro de 2017.

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

Primeiro: Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de edificación de gasoleiras, estacións de servizo ou instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos en todo o termo municipal de Cambre durante o prazo dun ano co obxecto de estudar a modificación das Normas subsidiarias de planeamento no que á

ubicación de ditas instalacións e actividades se refire, de conformidade co artigo 47.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Segundo: Publicar o presente acordo no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal dos de maior difusión da provincia, de conformidade co precepto indicado.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de setembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por vinte votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:09:17

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:09:23

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:09:31

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC respecto da blindaxe das pensións. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don

Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal de UxC para a blindaxe das pensións na Constitución

Acceso á videoacta: Minuto 00:09:48

Foi rexistrada de entrada ao núm. 0/8327, o día 19 de setembro de 2017.

Don Juan González Leiros, concelleiro de UxC, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Nos últimos anos estamos asistindo á deterioración das pensións públicas e á perda do poder adquisitivo dos pensionistas. Estamos ante unha situación de alarma social polo perigo que corre un dos alicerces fundamentais da nosa sociedade, un eixe de solidariedade interxeneracional e interterritorial.

Non son soamente un dereito, un símbolo de progreso e unha conquista democrática, senón que supoñen un colchón para miles de familias. É por isto que hai que protexelas por riba de calquera correlación de forzas, sen importar cal sexa a cor do goberno ou a situación do país. Toda a cidadanía merece que as pensións públicas sexan tratadas como a columna vertebral do Estado social, un dereito que debe permanecer á marxe de toda disputa. Con este obxectivo creouse a MERP “Mesa pola blindaxe das pensións” para promover unha reforma da Constitución que prohiba a privatización do sistema público de pensións e a degradación do seu poder adquisitivo.

Centos de organizacións, miles de profesionais, activistas, e a cidadanía en xeral, constitúen xa un amplo movemento social presente en todo o país que, sen distinción de ideoloxías, credo relixiosos ou siglas partidistas une a aqueles que cremos que ningunha diferenza política ou criterio técnico debe estar por riba da blindaxe constitucional das pensións.

Por todo isto, os que abaixo asinan, solicitamos ao Goberno e ao Congreso dos Deputados os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Que se atenda a reivindicación da MERP promovendo “Unha reforma da Constitución que inclúa a prohibición expresa de calquera goberno actual ou futuro de recortar, privatizar, total ou parcialmente, o sistema público de pensións.

Segundo: A inclusión na Constitución Española dun artigo que recolla como obriga constitucional o mantemento do poder adquisitivo real dos perceptores/as de pensións e por tanto a imposibilidade de que ningún tipo de medida, sexan recortes, subas de impostos, copagos, aumento das tarifas dos servizos básicos ou calquera outra medida, poida afectar ás pensións públicas.

Terceiro: Chamamento a toda a sociedade a sumarse á recollida de 2 millóns de sinaturas para blindar as pensións na Constitución, e apoiar as mocións que a MERP está a presentar en todos os concellos e parlamentos autonómicos do país.”

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, dá lectura ao escrito presentado polo seu grupo a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de setembro de 2017, e rexistrado de entrada no concello ao núm. 900/984 o día 27 de setembro de 2017, no que se propón a supresión dos acordos previstos na moción, para que sexan substituídos polo acordo do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre manifesta a necesidade de impulsar, no ámbito da Comisión parlamentaria do Pacto de Toledo e o diálogo social, un novo acordo que conteña novas recomendacións e orientacións para seguir garantindo o futuro do sistema público de pensións e prestacións da Seguridade Social. Este acordo deberá

reforzar os principios nos que se sustenta o noso sistema de Seguridade Social, como son a equidade, a contributividade e a solidariedade. E atenderá de xeito prioritario á sustentabilidade económica do sistema e á adecuación das súas prestacións contributivas e non contributivas.”

Faise constar que o grupo municipal de UxC, como grupo que presentou a moción, non acepta a proposta de modificación dos acordos presentada polo PP e mantén a moción nos termos nos que foi presentada para o seu debate e votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). E abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON respecto da rede básica ferroviaria transeuropea. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON sobre a inclusión do Concello de Cambre no desenvolvemento da rede básica ferroviaria transeuropea

Acceso á videoacta: Minuto 00:39:52

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 22 de setembro de 2017, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/970 o día 26 de setembro de 2017, xunto con outra moción presentada para este pleno.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“As leis españolas, ou normas de obrigado cumprimento, aínda que teñan orixe na Unión Europea, Regulamento (UE) 1315/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo as Orientacións para o desenvolvemento das redes transeuropeas de transporte, e o Regulamento (UE) 1316/2013, do Parlamento Europeo e do Consello,

relativo ao Mecanismo “Conectar Europa”, ambos aprobados o 11 de decembro de 2013, sinalan que a Comisión Europea, a nosa administración pública de ámbito europeo, debe definir a rede básica ferroviaria transeuropea en 2023, para que poida poñerse en servizo en 2030, dentro da proposta da Unión de reducir emisións de gases con efecto invernadoiro nun 80% antes de 2050, correspondendo ao sector do transporte unha redución do 60%.

Estas normas aplícanse a rede transeuropea de transporte que comprende as infraestruturas de transporte e a aplicacións telemáticas, así como a medidas de fomento da xestión e uso adecuado das ditas infraestruturas, para que permitan a creación e funcionamento de servizos de transporte sustentables e eficientes.

As infraestruturas referidas comprenden as do transporte ferroviario, ademais do transporte por estrada, do transporte marítimo, do transporte aéreo, do transporte fluvial e do transporte multimodal.

A infraestrutura ferroviaria compoñeráse, entre outros elementos, de todas as liñas que sexan consideradas de alta velocidade ou normais, en servizo ou pechadas hoxe ao tráfico, as estacións e intercambiadores para persoas no ámbito das grandes aglomeracións e no ámbito rural, as plataformas intermodais para mercadorías, a electrificación de todas as liñas, os aparellos de vía para o cambio automático de ancho, a sinalización ETCS, o sistema europeo de control de trens, a administración da circulación ERTMS, o sistema europeo para a xestión do tráfico ferroviario, e os trens con rodaxe desplazable capaces de circular polos diversos anchos, pero sempre tomando en consideración que a infraestrutura debe ser eficiente para a circulación de todos os tipos de trens, de persoas ou de mercadorías, reducindo o impacto ambiental e incrementando a interoperabilidade entre as diversas instalacións preexistentes que hai nos diferentes Estados membros da Unión.

Polo territorio do noso concello discorre a liña ferroviaria de media distancia, A Coruña-Monforte e A Coruña-Ferrol.

Considerando, ademais, a distribución competencial establecida no noso ordenamento xurídico e administrativo, e a asignación de funcións e potestades as institucións de cada ámbito territorial, europeo, estatal, autonómico e local, o noso Goberno municipal ten a responsabilidade de asumir a capacidade e iniciativa de anticiparse ás situacións que poidan favorecer ou prexudicar as persoas que viven no noso municipio.

Estamos apremados polo tempo, xa que dende agora ata o 2023 só faltan seis anos, e os asuntos de servizos de transporte e infraestruturas necesitan períodos prolongados para poñerse en marcha.

Polo exposto, o Grupo Municipal de ACdC-SON propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Que o Concello de Cambre inste ao Goberno da Xunta de Galicia e, por medio dela, ao Goberno do Estado, para que nos comunique e responda ás seguintes cuestións:

Primeiro: Que formulacións está trasladando a Comunidade Autónoma de Galicia ao Ministerio de Fomento, en canto ás nosas estacións e liñas ferroviarias para persoas e mercadorías, ante as decisións que tomará a Comisión Europea en 2023, máis a posta en servizo da rede básica ferroviaria transeuropea en 2030?

Segundo: Que liñas está proponendo a nosa comunidade autónoma e o Goberno de España para a súa integración na rede básica ferroviaria transeuropea?

Terceiro: Cal é a planificación para electrificar as liñas que aínda non o están?

Cuarto: Cal é a planificación para instalar os sistemas europeos ETCS e ERTMS nas nosas liñas férreas?

Quinto: Construírse estación ou apeadoiro nas proximidades da urbanización da Barcala, co fin de contribuír a mellorar o transporte e comunicación nunha zona onde viven aproximadamente 4.000 persoas?”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona

Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON respecto da retirada do anteproxecto de reforma da Lei de saúde de Galicia. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de ACdC-SON sobre a retirada do anteproxecto de reforma da Lei de saúde de Galicia

Acceso á videoacta: Minuto 00:59:05

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 22 de setembro de 2017, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/970 o día 26 de setembro de 2017, xunto con outra moción presentada para este pleno.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A intención por parte do Goberno Galego foi iniciar este proceso de reforma da Lei de saúde de Galicia de forma escurantista, en pleno mes de agosto, con moitos profesionais de vacacións e sen diálogo previo na mesa sectorial nin cos colectivos sociais, e cun prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días en pleno período de vacacións.

Esta modificación vai provocar máis deterioración na sanidade pública, porque pretende o desmantelamento e a consolidación da privatización do sistema sanitario público galego.

Desmantela as áreas sanitarias, para baleirar de contido os hospitais comarcais, coa finalidade de concentrar os servizos sanitarios nos grandes hospitais. Esta medida supón unha barreira para o acceso da cidadanía á atención hospitalaria. Mantén as estruturas de xestión integrada nas áreas sanitarias (EOXIS) responsables da deterioración e marxinação da atención primaria, absorbida polas xerencias hospitalarias.

Reduce a posibilidade de participación social na planificación, control e avaliación da actividade do sistema sanitario e dos centros asistenciais e favorece a laboralización e precarización do persoal sanitario, así como o enchufismo na adxudicación de prazas.

A lei galega en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase “tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación”. No anteproxecto establece que se fará “tendo en conta os recursos sanitarios existentes”. Esta modificación non prioriza as necesidades sanitarias da poboación, senón que será en función dos recursos que o Goberno decida destinar á sanidade pública.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar a Xunta de Galicia á retirada do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo: Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C’s, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte e un horas e dezaseis minutos auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo GM (C’s) co fin de organizar unha feira do deporte. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C’s, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do GM (C’s) para organizar unha feira do deporte

Acceso á videoacta: Minuto 01:16:33

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 22 de setembro de 2017, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/954 o día 25 de setembro de 2017.

Dona M^a José García Hidalgo, do GM (C's), dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“É frecuente que os municipios, atendendo ás demandas e tendencias dos seus veciños e colectivos, celebren feiras de moi variado tipo. En Cambre temos uns cantos exemplos que teñen funcionado e que demostran, pola boa afluencia de público, o interese dos cidadáns na realización destes diversos eventos.

Se nos fixamos nos hábitos e intereses dos nosos veciños podemos comprobar que o deporte é protagonista do seu día a día. Tanto é así que, nos últimos anos, ten habido un incremento salientable na práctica deportiva dos cidadáns.

A celebración dunha eira de carácter anual enfocada á práctica deportiva pode resultar un éxito se a dotamos dun contido apropiado, diverso e facemos partícipes aos veciños, colectivos e clubs do deporte cambrés.

Este evento pode supoñer unha oportunidade para fomentar a práctica deportiva e os hábitos saudables. Ademais, é unha oportunidade para dar a coñecer a oferta deportiva da cidade, as asociacións e clubs, os deportistas locais así como os profesionais do sector.

Temos numerosas disciplinas deportivas que se practican en Cambre e non todas elas son coñecidas nin desfrutan da promoción e apoio cos que si contan os deportes maioritarios.

Cabe destacar os importantes clubs e deportistas locais que son referentes nos seus respectivos ámbitos e que levan o nome de Cambre alí onde participan. O concello debe avanzar un pouco máis no fomento do deporte, pola súa oferta e demanda crecente, e intentar involucrar a un maior número de participantes.

Por iso, o Grupo Municipal de Ciudadanos Cambre propón ao Pleno os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Celebrar anualmente unha “Feira do Deporte” nalgún dos recintos deportivos de Cambre ou incluso utilizando algún espazo público do concello onde se poidan instalar expositores (a determinar no proceso de organización do evento).

Segundo: Para a súa celebración, considerar os seguintes contidos:

- Conferencias, charlas o foros de debate
- Exhibicións, demostracións dos adestramentos e clases colectivas
- Concursos y campionatos
- Deporte inclusivo
- Produtos deportivos e profesionais do sector
- Nutrición e saúde deportiva
- Actividades dinámicas para probar e coñecer as modalidades deportivas
- Exposición da oferta deportiva do concello
- Foro de encontro para a posta en marcha de novas asociacións ou prácticas deportivas en Cambre
- Participación de deportistas referentes locais e non locais
- Área infantil e área especializada no deporte como canle de prevención de violencia de xénero e colectivos marxinais como o problema do bullying.”

Faise constar que don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, solicita a retirada do parágrafo quinto da parte expositiva da moción, o que é aceptado polo grupo propoñente da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa supresión do parágrafo quinto da parte expositiva da moción, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da

Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a moción tal e como consta a continuación:

“É frecuente que os municipios, atendendo ás demandas e tendencias dos seus veciños e colectivos, celebren feiras de moi variado tipo. En Cambre temos uns cantos exemplos que teñen funcionado e que demostran, pola boa afluencia de público, o interese dos cidadáns na realización destes diversos eventos.

Se nos fixamos nos hábitos e intereses dos nosos veciños podemos comprobar que o deporte é protagonista do seu día a día. Tanto é así que, nos últimos anos, ten habido un incremento salientable na práctica deportiva dos cidadáns.

A celebración dunha eira de carácter anual enfocada á práctica deportiva pode resultar un éxito se a dotamos dun contido apropiado, diverso e facemos partícipes aos veciños, colectivos e clubs do deporte cambrés.

Este evento pode supoñer unha oportunidade para fomentar a práctica deportiva e os hábitos saudables. Ademais, é unha oportunidade para dar a coñecer a oferta deportiva da cidade, as asociacións e clubs, os deportistas locais así como os profesionais do sector.

Cabe destacar os importantes clubs e deportistas locais que son referentes nos seus respectivos ámbitos e que levan o nome de Cambre alí onde participan. O concello debe avanzar un pouco máis no fomento do deporte, pola súa oferta e demanda crecente, e intentar involucrar a un maior número de participantes.

Por iso, o Grupo Municipal de Ciudadanos Cambre propón ao Pleno os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Celebrar anualmente unha “Feira do Deporte” nalgún dos recintos deportivos de Cambre ou incluso utilizando algún espazo público do concello onde se poidan instalar expositores (a determinar no proceso de organización do evento).

Segundo: Para a súa celebración, considerar os seguintes contidos:

- Conferencias, charlas o foros de debate
- Exhibicións, demostracións dos adestramentos e clases colectivas
- Concursos y campionatos
- Deporte inclusivo
- Produtos deportivos e profesionais do sector
- Nutrición e saúde deportiva
- Actividades dinámicas para probar e coñecer as modalidades deportivas
- Exposición da oferta deportiva do concello
- Foro de encontro para a posta en marcha de novas asociacións ou prácticas deportivas en Cambre
- Participación de deportistas referentes locais e non locais
- Área infantil e área especializada no deporte como canle de prevención de violencia de xénero e colectivos marxinais como o problema do bullying.”

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 01:27:50

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral da conta dos seguintes asuntos:

- Do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 28 de setembro de 2017, de aprobación das tarifas do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre, que consta do seguinte teor literal:

«2º. Aprobación, se procede, das tarifas e reducións do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de setembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 12 de xuño de 2017 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña publícase o anuncio de procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da concesión do programa “Mañanceiro”, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre.

Visto o informe da animadora deportiva adscrita a educación, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas sobre a aprobación das tarifas do programa Mañanceiro logo da nova contratación deste servizo para o curso 2017-2018.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación, e pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social, na sesión ordinaria conxunta do día 21 de setembro de 2017.

Tendo en conta que a corporación municipal en Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2017 adoptou o acordo de delegar na Xunta de Goberno Local a fixación das contías dos prezos públicos e dos prezos privados nos casos de concesión administrativa e a resolución de recursos que poidan formularse no exercicio das atribucións delegadas, das que, unha vez fixadas se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar as seguintes tarifas e reducións do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre:

Tarifa Xeral: O importe das tarifas que terán que abonar os participantes é o seguinte:

Mes completo	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo incluído, 10%)	29,40	40,60
Sen almorzo	19,60	27,51
Días soltos	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo incluído, 10%)	1,26	1,40
Sen almorzo	0,77	0,84

Beneficios fiscais: As anteriores tarifas veranse reducidas nas seguintes porcentaxes:

1.- O 50% da tarifa se a situación dun dos proxenitores do participante é de desemprego e o 100% se están os dous desempregados. O solicitante deberá achegar fotocopia compulsada da tarxeta de demandante de emprego.

2.- O 50% da tarifa no caso de familias numerosas cun participante, o 60% no caso de dous usuarios, o 70% en caso de tres usuarios, o 80% en caso de catro usuarios, o 90% en caso de cinco usuarios e o 100% en caso de 6 usuarios ou máis. A porcentaxe que corresponda aplicarase a cada un dos participantes. O solicitante deberá achegar fotocopia compulsada do título de familia numerosa.

3.- O 100% da tarifa no caso de familias monoparentais. O solicitante deberá achegar fotocopia compulsada do libro de familia e da documentación que xustifique dita situación.

4.- O 100% da tarifa en caso de familias con fillos discapacitados, en idade escolar. O solicitante deberá achegar fotocopia compulsada do certificado de minusvalía.

5.- O 100 % da tarifa en caso de familias que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento das cotas correspondentes, segundo informe dos Servicios Sociais do Concello de Cambre ao respecto.

Prevalecerá a redución de maior contía naqueles casos nos que o solicitante poida ser beneficiario de máis dunha redución, non sendo acumulables.

Segundo: Publicar as tarifas e reducións aprobadas para xeral coñecemento.

Terceiro: Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que teña lugar.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.»

3.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 01:29:05

Rogos do PP presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de setembro de 2017, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/967 o día 26 de setembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo – *Acceso á videoacta:* Minuto 01:29:17

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

Unha vez máis, coa finalidade de contrarrestar os despropósitos do Goberno municipal e o descontento xeneralizado que amosan os nosos veciños ante a súa xestión; o Goberno de Cambre, co seu alcalde á cabeza, activaron o seu despregue mediático. Despregue do que, esta vez, destacamos a entrevista ao noso alcalde publicada no diario coruñés ‘El Ideal Gallego’ o pasado 3 de setembro. Entrevista na que, entre outras perlas, e baixo o titular “*Dende que chegamos, temos gañado en transparencia e o veciño está moito máis informado*”, Óscar García Patiño, declara que:

“O noso maior logro é que somos máis transparentes do que foi nunca o Goberno na historia de Cambre. Somos un concello máis participativo e social, a atención ao veciño mellorouse 100%. Somos máis áxiles ao dar solucións e servizos.”

Esquece explicar o señor alcalde nesa e noutras entrevistas concedidas, que a transparencia é unha obriga legal para todas as administracións e operadores públicos (entre os que se inclúen os concellos), dende a entrada en vigor, e non antes, da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á

información pública e bo goberno; a pesar do cal, o grao de incumprimento das obrigas establecidas na dita norma no noso concello é máis que notoria.

Tamén esquece explicar o señor alcalde o enorme déficit en participación cidadá do noso concello que provocou, entre outras consecuencias, a perda de cinco millóns de euros do Plan EDUSI. Agás que considere que, a oferta á participación dos veciños na redacción do orzamento, de cuxos resultados nin se informa nin se publica, sexa considerada unha auténtica participación cidadá.

Transparencia e participación que fronte ao manifestado polo señor alcalde, tense reducido ostensiblemente dende a súa chegada ao goberno, incluso respecto do resto de membros da corporación, transferindo competencias do pleno ás comisións de goberno para non ser nin debatidas coa oposición; modificando o Regulamento orgánico municipal para minimizar a participación dos grupos da oposición nos plenos e omitir así a xustificación debida; ou chegando incluso a negar a este grupo municipal, a súa condición de interesado nos expedientes administrativos nos que é parte, incluso cando ten sido, denunciante.

Mención á parte merece a manifestación do noso alcalde na que refire que a atención ao veciño mellorou un cen por cen e somos máis áxiles ao dar solucións e servizos. A este respecto lembrar ao señor alcalde os límites que impuxo aos nosos veciños para acceder aos membros do equipo de goberno e á propia Alcaldía, que deben ser solicitados e concedidos previamente, en horarios que dificultan o acceso dos nosos veciños; fronte á administración de portas abertas existente ata o comezo do seu mandato. Así mesmo, entendemos que a axilidade en dar solucións e servizos non consiste en crear unha app que non dea resposta efectiva aos problemas formulados, tal e como nos manifestan os veciños de Cambre e estamos vendo o resto de membros da corporación cando, por exemplo, as queixas e solicitudes que traemos a pleno, no seu nome, son sistematicamente desatendidas ou atendidas tarde, mal e a rastro.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se inste ao alcalde de Cambre e ao resto de membros do seu equipo de goberno, a deixar de utilizar os medios de comunicación social para confundir aos nosos veciños faltando á verdade do que realmente está sendo a súa xestión.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, non acepta o rogo.

2º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 01:40:15

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, define ao persoal eventual como:

“O que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial.”

A normativa e doutrina aplicables sinalan a natureza excepcional deste tipo de persoal, debido precisamente ao carácter libre do seu nomeamento; característica que lle obriga a cingirse estritamente ás funcións taxadas de confianza e especial asesoramento. De aí que esta clase de persoal, non está habilitado para realizar as actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin desempeñar as propias de postos de traballo estruturais e permanentes, tal e como vén reiterando a xurisprudencia dos nosos xulgados e tribunais.

Criterio que é confirmado pola xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo, entre cuxas sentenzas destaca a ditada pola sala do contencioso-administrativo, do 25 de abril de 2008 (recaída no recurso de casación número 3010/2005), na que se deixa clara a excepcionalidade deste tipo de persoal e lembra a súa total exclusión das actuacións profesionais propias dos funcionarios. Sentenza na que se refire que:

“(...) os postos reservados a persoal eventual son excepcionais e a súa validez está condicionada a que os seus cometidos se circunscriban a esas funcións de ‘confianza e asesoramento especial’ que legalmente delimitan esta específica clase de persoal público.”

“(...) deben quedar vedadas a ese persoal eventual as actuacións de colaboración profesional que se proxecten nas funcións normais das administración pública, ben nas externas de prestación e policía fronte á cidadanía, ben nas internas de pura organización administrativa. Estas actuacións profesionais, pola directa conexión que teñen cos principios constitucionais de obxectividade e eficacia administrativa, deben ser asignadas ao persoal público seleccionado baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade.”

No último pleno ordinario celebrado en Cambre, e a requirimento do Grupo Municipal Popular, a concelleira competente en materia de terceira idade identificou á persoa que ocupa o posto de persoal de confianza do PSOE cambrés como o persoal non funcionario que con ocasión da xuntanza do maior a celebrar no pavillón deportivo dos Campóns, en Sigrás; recibiu os pagos directamente dos veciños nas dependencias municipais, sen que ningún funcionario público asumira a responsabilidade dos cobros efectuados por este persoal.

Ante a gravidade da situación creada polo propio equipo de goberno de Cambre, dende o Grupo Municipal Popular se interesa do señor alcalde que proceda á maior brevidade posible a esixir responsabilidades e adoptar medidas derivadas da extralimitación de funcións e do consentimento por parte de membros do propio equipo de goberno.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, non acepta o rogo.

O señor alcalde informa que cando volva a tesoureira, terán o seu informe.

Cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, durante a contestación do rogo, auséntase da sesión dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE.

3º rogo – Acceso á videoacta: Minuto 01:53:17

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

O pasado mes de decembro, trala entrada do BNG na cuarta remodelación dos gobernos municipais do Sr. García Patiño en menos de ano e medio; os veciños de Cambre sufrimos absortos como esta formación, empapelaba o noso concello con carteis do dito grupo político colocados en marquesiñas de autobús, caixas de electricidade, portas e paredes de edificios, terreos privados, etc., en clara e evidente violación da Ordenanza reguladora da limpeza viaria e ornato público de Cambre, publicada no BOP da Coruña o 26 de novembro de 2005. Tralo recoñecemento dos feitos denunciados polos infractores, a necesidade de presentar dous rogos por este grupo municipal para que se retiraran os carteis colocados e se abriera un procedemento administrativo sancionador; os veciños de Cambre volvemos ver, o pasado mes de agosto, como membros da citada formación pegaban de novo carteis

en farois, columnas, árbores e mobiliario público no centro da capital municipal, tal e como se constata nas fotografías que se achegan co presente rogo. Esta vez, o motivo utilizado para tal práctica foi o cambio de localización na celebración dun concerto. Método que, dende o Grupo Municipal Popular entendemos non é o idóneo para informar aos veciños o cambio de localización dun evento e que reitera unha forma de actuar que degrada e ensucia espazos públicos e privados. Conduta que tampouco resulta ser a máis exemplarizante para quen deben non só parecelo, senón selo, como son os concelleiros e membros do Goberno municipal.

Condutas que, ademais, contradín as ordenanzas cambresas de limpeza viaria e ornato público, así como a de medio ambiente; sendo igualmente contrario a calquera código de bo goberno. Condutas que deberían ser prohibidas e corrixidas contundentemente coa finalidade de impedir que se volveran a producir no futuro, á vista da reiteración delas; dando traslado aos servizos municipais competentes a efectos de que abran un novo procedemento administrativo sancionador.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira ao Goberno municipal para que se adopten as medidas necesarias para que non se volvan repetir as ditas condutas, incluíndo entre elas o traslado do presente rogo aos órganos administrativos competentes para os efectos da incoación dun novo expediente administrativo sancionador.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, non acepta o rogo.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de setembro de 2017, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/968 o día 26 de setembro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Único – Acceso á videoacta: Minuto 02:07:55

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos, quen antes da lectura informa de que se trata dun único rogo, dado que retiran o 2º rogo presentado para este pleno.

De cara á transparencia e á accesibilidade na información, dentro da nova páxina web do Concello de Cambre, botamos en falta o seguinte:

A.- Non está accesible dende a páxina de inicio a páxina de acceso ao arquivo de plenos. Entendemos que actualmente é excesivamente engorrosa a busca. Suxerimos que se habilite unha pestana ou un banner directo para que se poida acceder dende o primeiro golpe de vista ao acceder á páxina web. Ben podería ser un banner fixo para que se puidese acceder á retransmisión do pleno en directo así como para a consulta de plenos anteriores.

B.- O atraso en colgar as actas dos plenos vén de todo o ano 2017, polo que solicitamos se actualice na web a necesaria información á que teñen dereito os/as veciños/as, e se colguen todos os plenos anteriores que, no momento de redacción desta pregunta desapareceron.

Pregamos atendan as nosas peticións.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, acepta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de setembro de 2017, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/969 o día 26 de setembro de 2017, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

1º rogo – *Acceso á videoacta:* Minuto 02:10:55

Lee o rogo dona M^ª José García Hidalgo.

No pasado pleno do mércores día 20, o señor alcalde explicou que a auditoría realizada en Cambre para a dotación de rede de sumidoiros tería un custo de aproximadamente 4.700.000 euros e un período de execución de entre 6 e 8 anos. Noutro pleno o señor concelleiro de Urbanismo mencionaba 3 millóns de euros, o que significa unha diferenza abismal, entendemos que non manexan vostedes os mesmos informes.

Durante esta lexislatura vostedes téñense comprometido con Ciudadanos en diferentes plenos e acordos a dotar de rede de sumidoiros a:

Polígono da Xira, A Barcala vella e Fontenla-Lamiño (uns 100 metros soamente).

Isto, sen esquecer outras que como O Caneiro nos propuxeron incluír nos próximos orzamentos, e entendemos que o seu custo o require. En cambio, hai outras zonas onde o prezo sería bastante menor, como A Barcala vella antes mencionada e que no seu día nos aceptaron, pois llelo mostramos incluso orzamentado. Na zona de Anceis tamén hai veciños que, dende hai máis dunha década, reclaman a conexión coa rede pública de sumidoiros que está a uns escasos 150 metros.

Por todos os compromisos adquiridos ata a data, rogamos:

Que unha vez iniciado o proceso de dotación de rede de sumidoiros a todo o concello a partir de 2018, se dea prioridade no tempo (posto que mencionaron vostedes un prazo de 6 a 8 anos) ás zonas antes indicadas, coas cales este Goberno local adquiriu compromiso.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, non acepta o rogo.

O señor alcalde comprométese a dar conta do resultado do estudo realizado na vindeira xunta de voceiros, así como a darlles acceso ao documento a todos eles.

2º rogo – *Acceso á videoacta:* Minuto 02:23:21

Lee o rogo dona M^ª José García Hidalgo.

A concesión do contrato do programa Mañanceiro acaba de ser aprobado recentemente. Nas características da confección de menús presentada pola empresa adxudicada se cumpre cos requisitos dunha dieta saudable, equilibrada e cantidades adaptadas ás idades. Lácteos, cacao, froita fresca, galletas, tostadas, cereais, marmeladas, mel se se desexa substituír polo azucre, incluso se intentará que haxa produtos ecolóxicos/comercio xusto coa finalidade de concienciar sobre a sustentabilidade del consumo responsable e a calidade. Tamén se teñen presente as intolerancias e alerxias contando con menús alternativos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Non obstante, non se fai referencia a se algúns deses produtos (galletas, cereais) contan entre os seus ingredientes con aceite de palma, graxa vexetal presente necesariamente na elaboración das margarinas e utilizada por practicamente toda a industria alimentaria.

Aínda que se ten xerado unha alarma excesiva en torno a esta graxa de orixe vexetal, non deixa de ser certo que a concentración de graxas saturadas na súa composición chega a ser entre 3 e 4 veces máis alta que a doutros aceites, polo que o problema é a cantidade e a frecuencia da súa inxesta, a cal é recomendable que sexa controlada.

Por todo isto rogamos:

Que se consulte coa empresa adxudicataria se nos alimentos procesados que integran os menús figura este aceite entre os seus ingredientes e en caso afirmativo proceder en la medida do posible a utilizar outros produtos alternativos.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, acepta o rogo.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 02:25:25

Preguntas do PP presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de setembro de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/967 o día 26 de setembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta – *Acceso á videoacta:* Minuto 02:25:30

Lee a pregunta dona M^a Jesús González Roel.

No pleno ordinario do pasado mes de abril, o Grupo Municipal Popular poñía unha vez máis en coñecemento do equipo de goberno, a requirimento dos nosos veciños, o estado no que se atopaba a ponte sobre o río no Noceiro, á vista de que supoñía un perigo evidente para os que transitaban por ela. Para o cal se achegaban dúas fotografías comprensivas do valado existente nas pasarelas e a existencia dalgunhas madeiras levantadas no seu arranque que facilitaban a caída dos seus transeúntes.

Transcorridos cinco meses dende a celebración do pleno no que o equipo de goberno se comprometeu a resolver os problemas advertidos, estes subsisten; razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente na materia se se vai cumprir e cando, co compromiso plenario adquirido.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

2ª pregunta – *Acceso á videoacta:* Minuto 02:29:40

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Veciños de Cecebre, máis concretamente das urbanizacións “Os Castros do Bosque” e “O Bosque”, remitíronnos as súas queixas respecto do deplorable estado no que se atopan algúns dos terreos lindeiros ás ditas urbanizacións, cuxa vexetación e falta de limpeza é evidente, chegando incluso a invadir non só outros terreos das ditas urbanizacións, senón tamén a vía pública; situación da que refiren, o concello é coñecedor dende hai tempo.

Achéganse fotografías remitidas nas que se observa, a modo de exemplo, o estado non que se atopan algúns dos mencionados terreos.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao equipo de goberno se se van tomar medidas respecto dos ditos terreos e cando.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 02:32:15

Lee a pregunta don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

A Xunta de Galicia financia periodicamente a contratación de perceptores da RISGA (renda de integración social de Galicia), para reforzar los servizos municipais. Financiamento que debe ser solicitada polos concellos dentro do prazo que, o órgano financiador, neste caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece.

Con medidas como esta, preténdese que os concellos que así o soliciten, reciban o apoio doutras administracións para realizar contratos ao abeiro deste programa, co obxectivo de favorecer a inserción laboral destas persoas e evitar a súa cronificación nunha situación de exclusión como a que viven.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente en materia de desenvolvemento económico, cal foi o resultado das solicitudes que, no seu caso, se realizaron dende o noso concello, na última convocatoria destas axudas á contratación de perceptores da RISGA.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de setembro de 2017, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/968 o día 26 de setembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 02:33:53

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Dentro da iniciativa: Decidámolo Xuntos, o Goberno de Cambre, segundo se indica na páxina web do concello, pretende coñecer as demandas e propostas que teñen os/as veciños/as. As propostas poderanse levar a cabo ata o mes de outubro.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Os formularios escritos, as reunións celebradas e o envío dos formularios on line, deben de ter un tratamento por parte dos servizos técnicos do concello, e supoñemos que unha resposta a cada usuario que fai chegar a este.

Poden indicarnos que resposta e en que prazo van recibir cada un dos usuarios que enviaron un formulario escrito ou un formulario a través da web?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

2ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 02:34:52

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

En diversos plenos pasados debateuse neste pleno a seguridade e renovación dos parques infantís. Ante un rogo do noso grupo pregando un cambio no firme polas baldosas de caucho comprimido, o grupo de goberno respondeu que recentemente tiveron coñecemento de que poderían ter algún compoñente canceríxeno. Polo tanto, o noso grupo pregunta que novas se teñen ao respecto que afecten aos novos parques e nas obras xa feitas?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

3ª pregunta – Acceso á videoacta: Minuto 02:35:51

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

En plenos anteriores tense falado neste pleno dalgún que outro vertedoiro ilegal que se estaba a formar nun lugar ou noutro. O noso grupo pediu a máxima rapidez á hora de resolver estes contratemplos o que non sempre foi así, como o da curva de Meixigo, que estivo polo menos 3 meses sen limpar, e o grupo de goberno comprometeuse a un labor máis minucioso na detección. Pasado un tempo e visto que algún que outro vertedoiro se segue a formar, preguntamos que labores preventivos fixo o Goberno neste sentido?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

Pregunta de C's presentada por escrito

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 25 de setembro de 2017, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/969 o día 26 de setembro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Única – Acceso á videoacta: Minuto 02:37:12

Lee a pregunta dona Mª José García Hidalgo.

Unha vez que venza o prazo que os grupos políticos temos para presentar as achegas a orzamentos 2018, comprométese este Goberno a publicalas de inmediato (poñamos un prazo de tres días dende a data de vencemento de presentación) na páxina web do concello, se así o solicitase algún grupo?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.



E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e sete minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia